

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MAIO DO 2019.-**

Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día trinta de abril do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS:

- **8 de abril de 2019**
- **29 de abril de 2019-Extraordinario**
- **29 de abril de 2019-Ordinario**

Sometida a votación o Concello Pleno por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 2PP), e 4 abstención (3BNG, 1PP-D. Ricardo José Fernández Lage), acorda prestala súa aprobación as acta das sesións celebradas polo concello os días 8 de abril de 2019, 29 de abril de 2019-extraordinario e 29 de abril de 2019-ordinario.

2º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MMHH DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018

Dáse conta do informe remitido Ao MMHH da liquidación orzamento 2018 de data 1 de abril de 2019 que a continuación se transcribe:

Previsión Liquid 2018 (6)	Liqui. 2017 (GC2017) (1)	Sostenible Liquid. 2017 (11)	Tasa de referencia (2)= (1)-(11)*(1+TRCPIB	Pto 2018 (IncNorm 2017) (3)	Sostenibles Liquid. 2018 (4)	Regla Gasto (5)= (2) +(3)
11-15-004-AA-000 5.261.416,61€	5.142.452,69€	0,00€	5.265.871,55€	0,00€	0,00€	5.265.871,55€
Total Gto Compu. 5.231.416,61€	5.2142.452,69€	0,00€	5.265.871,55€	0,00€	0,00€	5.265.871,55€

O Concello Pleno dáse por enterado

3.- DAR CONTA PMP E MOROSIDADE PRIMEIRO TRIMESTRE 2019



Dáse conta do informe sobre PMP e morosidade do primeiro trimestre do 2019, o cal presenta o seguinte resume:

Ares.

Ratio Operaciones pagadas: 55,22

Importe Pagos realizados: 545.883,63€

Ratio Operaciones Pendientes: 33,89

Importe Pagos Pendientes: 781.263,01€

PMP Global:

Importe Pagos Realizados: 545.883,63€

Importe Pagos Pendientes: 781.263,01€

PMP: 42,66

Pagos realizados durante o trimestre

Dentro do Período legal de Pago

161.174,02€

Fora do Período legal de Pago

1384.709,61€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre

Dentro do período legal de pago a final do trimestre

597.217,85€

Fora do período legal pago a final do trimestre

245.660,58 €

O Concello Pleno dáse por enterado

4. DAR CONTA DO CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO LIQUIDACIÓN 2018.

Dáse conta do informe actualizado de cumprimento da regra de gasto liquidación 2018 que a continuación se transcribe:

Entidad	Gasto computable Liq.2017 sin IFS (GC2016) (1)	Gasto inversiones (2)= financieramente (1)-(11) sostenibles (1+TRCPIB) (2017) (11)	Aumentos/ Disminuciones (art.12.4) Pto.Act 2018 (IncNorm2019) (3)	Gasto inver. financieramente sostenibles (2018) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2018 (GC2018) (6)
11-15-004-AA-000 Ares						

Diferencia entre el "Límite de la Regla de Gasto" y el "Gasto computable Li. 2018" (GC2018)
(5)+(6+).....4.454,94
% incremento gasto computable 2018 s/2017.....2,31

¿Tiene la Corporación Local un Plan Económico Financiero (PEF) vigente en 2018.....No

Límite de la regla del gasto del PEF vigente en 2018 (7)



Diferencia entre el “límite de la regla del gasto PEF vigente en 2018” y el “Gasto computable Liq. 2018” (GC2018 (7)+(6))

La Corporación cumple con el objetivo de la regla del gasto de acuerdo con LG 2/2012

O Concello Pleno dáse por enterado

5º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018. INFORMES LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018 E AVALIACIÓN OBXETIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Dáse conta dos informes de secretaría-intervención “Liquidación Orzamento 2018” de data 25 de abril de 2019 e “Avaliación do Cumprimento do Obxectivo e estabilidade Orzamentaria co motivo da aprobación da Liquidación do Orzamento 2018” de data 2 de maio de 2019, que a continuación se transcriben:

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018

En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención por resolución número 968/19, de 28 de marzo de 2019 en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2018, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.



- Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

TERCEIRO. Aplicarase cada unha das instrucións de Contabilidade normal:

O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda de 3.000.000 de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os

euros e a súa poboación sexa superior aos 5.000 habitantes, e nas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

CUARTO. A liquidación do Orzamento poñerá de manifesto:

- A) Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:
 - Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
 - Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - As obrigas recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - Os pagos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas.
 - As obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2018.
 - Os remanentes de crédito.
- B) Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:
 - As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 - Os dereitos recoñecidos.
 - Os dereitos anulados.
 - Os dereitos cancelados.
 - Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
 - A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 - Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2018.
 - A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.



- A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.
- O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:
- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

SEXTO. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 *in fine* e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O sinalado informe sobre o Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria inclúise no expediente anexo.

SÉTIMO. O procedemento a seguir será o seguinte:

Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a



aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Da liquidación de cada un dos Orzamentos, unha vez efectuada a aprobación. darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.

Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

OITAVO. Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2018, comprobose que as súas cifras arrojan a información esixida polo artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado.

LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTO DE GASTOS

- Créditos iniciais: 5.998.612,04 euros
 - Modificacións de créditos: 1.349.927,94 euros
- Créditos definitivos: 7.348.539,98 euros
 - Obrigas recoñecidas netas: 6.532.735,77 euros
 - Pagos recoñecidos netos: 6.074.765,25 euros
 - Remanentes de crédito totais 815.804,21 euros
 - Gastos comprometidos: 6.594.537,18 euros
 - Obrigas pendentes de pago a 31/12/2018: 457.970,52 euros

LIQUIDACION DO ORZAMENTO DE INGRESOS

- Previsións iniciais: 5.998.612,04 euros
- Modificación das previsións: 1.349.927,94 euros
- Previsións definitivas: 7.348.539,98 euros
- Dereitos recoñecidos: 6.933.416,10 euros
- Dereitos anulados: 27.490,37 euros
- Dereitos cancelados: 0,00 euros
- Dereitos recoñecidos netos: 6.905.925,73 euros
- Recadación neta: 6.313.224,56 euros
- Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2018: 592.701,17 euros
- Exceso/defecto previsión: -442.614,25 euros

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

- Remanente de tesourería total (Fondos liquidados+dereitos+pendentes de cobro-obrigas pendentes de pago): 3.349.866,78 euros
- Saldos de dudoso cobro: 1.175.277,65 euros



- Exceso de financiación afectada: 27.442,63 euros.

Remanente de tesorería para gastos xerais; 2.147.146,50 euros

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario, ao dispoñer que virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as abrigas orzamentarias recoñecidas en dito período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

DÉCIMO. Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das abrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompasamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

Gastos realizados no exercicio económico de 2018 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2018 como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais.

Estes gastos realizados (abrigas recoñecidas), que foron financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.

Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2018, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuírán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (abrigas recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.



A desviación é negativa cando os ingresos producidos no cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos de inversión que se realizaron neste exercicio económico e cun financiamento que se obtivo en exercicios anteriores, tal situación de non terse en conta xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, e elo obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, lograse aumentado aquel no mesmo importe que supoña dito déficit.

--- Dereitos pendentes de cobro: 592.701,17 euros.

--- Obrigas pendentes de pago: 457.970,52 euros.

UNDÉCIMO. Do remanente de Tesourería.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada a financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.

Obtense como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago.

- A. Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2018
 - Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente: 592.701,17 euros.
 - Dereitos pendentes de cobro orzamento pechado: 1.507.025,35 euros.
 - Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva: 1.921,50 euros.
- B. Obrigas pendentes de pago a 31/12/2018
 - Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente: 457.970,52 euros.
 - Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados: 399.748,86 euros.
 - Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva: 51.818,48 euros.
- C. Fondos líquidos a 31/12/2018
 - Saldos disponibles en caixas de efectivo e contas bancarias: 2.180.693,57 euros.

DUODÉCIMO. Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

Remanentes de tesourería total: 3.349.866, 78 €.

Remanente de tesourería para gastos xerais: +2.147.146,50 €.

DÉCIMO TERCEIRO. O informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria será obxecto de informe complementario.

CONCLUSIÓN



En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2018 nos termos seguintes :

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018 nos termos nos que esta foi redactada e nos termo que foi aprobada por Resolución nº. 968/19 de 28 de marzo de 2019.

SEGUNDO. Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente.

En Ares, a 25 de abril de 2019

INFORME DO CUMPRIMENTO DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CO MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018

Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento da estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento **2018**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLXEO).
- Orden ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as abrigas de subministro de información previstas na LOEOSF.
- Guía para a comunicación da execución orzamentaria do 2º trimestre de 2013. Información a comunicar para o cumprimento das abrigas contempladas na Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro. O dito documento publícase na Oficina Virtual de coordinación financeira con las Entidades Locales, polo que se materializan as abrigas de subministro de información, na súa versión OOe do 06/08/2013.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1)



- Manual do cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención General de la Administración del Estado (IGAE), Ministerio de Economía y Hacienda.
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 2a edición, IGAE.
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat. Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

II.- OBTENCIÓN DE ESTABILIDADE ENTIDADES QUE COMPONEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS

A.- Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ("corporacións locais" en Contabilidade Nacional):

Entidade Local: Concello de Ares. Organismos Autónomos: Ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Ningún.

B.- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no tem,os do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: Ningunha.

DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidades dos ingresos e gastos non financeiros orzamentados, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector de Corporacións Locais das Administracións Públicas da contabilidade nacional. As diferencias venen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

AXUSTES A REALIZAR EN INGRESOS

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos:



Para a realización dos axustes hase de considerar o Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda.

O axuste derivado da aplicación práctica do Regulamento (CE) N» 2516/2000 ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación Local e a recadación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de corrente como de exercicios pechados.

En concreto, os dereitos recoñecidos que se ven afectados por este axuste son os rexistrados

nos capítulos seguintes::

Capítulo 1 "Impostas directos"

Capítulo 2 "Impostas indirectos"

Capítulo 3 "Tasas e outros ingresos"

Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, Incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, polo contrario, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, disminuirá o déficit en contabilidad nacional.

2018	DR	Recadación Total cobros neta corren/p ech ad.	Axuste
Caoitulo	2.259.240 75	2.258.535 73	- 705 02
Capítulo	72.901 47	72.901 47	0.00
Caoitulo	1.675.118 65	1.670.671	- 4.447 58
	4.007.260,	4.002.108,	- 5.152,60

Capítulo 4 Transferencias correntes

Proceda efectuar un axuste plos importes que se reintegraron no 2018 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes ós exercicios 2008 e 2009 polo concepto de PTE. 22.242,48E (7.533.00+14.709,48).

Polo que, en conclusión, os axustes a realizar sobre os ingresos na liquidación do exercicio 2018, centranse en:

1.- Aplicar como criterio de caixa nos capítulos 1 a 3 de exercicio corrente, pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no exercicio corrente e os cobros de corrente e pechados de ditos capítulos.



2.- Po. lo importe das devolucións efectuadas ó Estado derivadas das liquidacións negativas da PTE. 22.242,48 EUROS NO CAPÍTULO 4.

Unha vez aplicados os axustes correspondentes, a situación final a efectos del cálculo de estabilidade, capítulos 1 a 7 quedaría como sigue:

Capítulos	DRN, corrente	Axuste	Total Cap. 1 a 7 axustado
Cap.1	2.259.240,	-705,02	2.258.535,
Cap. 2	72.901,47	- 0,00	72.901,47
Cap.3	1.675.118,6	-4.447,5	1.670.671,
Cap.4	2.460.486,	-22.242,	2.438.243,
Cap.5	591,13	0,00	591,13
Cap.6	0,00	0,00	0
Cap.7	328.892,4	0,00	328.892,45
Total cap. 1 a 7	6.797.230,87	27.395,08	6.769.835,79

AXUSTES A REALIZAR EN GASTOS;

1.-Gastos realizados pendientes de aplicar ó orzamento (conta 413).

A. conta 413 "Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto" recolle as abrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servicios recibidos, para os que non se produciu a súa aplicación ó orzamento senda procedente a mesma.

Estaríamos ante abrigas respecto das que, non habéndose dictado aínda o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, se derivan de bens e servicios efectivamente recibidos pola entidade. O principio do devengo enuncíase con carácter xeral para o rexistro de calquera fluxo económico e, en particular, para as abrigas. A aplicación deste principio implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

No Manual de cálculo do Déficit en Contabilidad Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda, prevese que a aplicación práctica do principio mencionado anteriormente ven dada pola diferenza entre o saldo inicial da conta 413, e o saldo final, axustando á alza cando o saldo final sexa superior ou axustando á baixa cando o saldo final sexa inferior.

Saldo inicial conta 413	125.010,58
Saldo final conta 413	161.153,78
Axuste	- 36.143,20

2.- Axuste saldo conta pagos pendentes de aplicación

Ademáis, procede efectuar un axuste polo importe do saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación, como maior gasto do exercicio por un importe de 51.818,48 €.

**TOTAL AXUSTE NETO GASTOS:**

Capítulo	Obrigas recoñecidas netas antes de axuste (€)	Axustes (€)	Total cap. 1-7 axustado (€)
Cap. 1-7	5.963.410.13	51.818,48+36.143,20	6.051.371,81
LIQUIDACION 2018		IMPORTES	
a) TOTAL INGRESOS CAPÍTULO 1 a 7 AXUSTADOS		6.769.835,79 €	
b) TOTAL GASTOS CAPÍTULO 1 a 7 AXUSTADOS		6.051.371,81 €	
c) CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN		718.464 41 €.	

% Superávit/déficit de financiación sobre ingresos non financeiros axustados = + 10,61 %

CONCLUSIÓN:

Conclúese, dos cálculos anteriores, a situación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC.

Ares, 2 de maio de 2019

Secretario-Interventor

O Concello Pleno dáse por enterado.

6º.- APROBACIÓN POS + ADICIONAL 2ªFASE: "PROXECTO APARCAMENTO EN ANTIGA RECTORAL"

Dáse conta da circular sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 1/2019 da Deputación da Coruña de data 30 de abril de 2019, que a continuación se transcribe:

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, aprobou o **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, PLAN**

ÚNICO DE CONCELLOS (POS+ 2019), condicionado á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos (EMC) 2/2019, aprobado inicialmente nesa mesma sesión plenaria. O acordo de aprobación do Plan está sendo sometido a exposición e información pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e tamén vai ser remitido a informe das Administracións Estatal e Autonómica, para que no prazo de dez días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren convenientes. Unha vez transcorridos estes prazos se non hai alegacións, e despois da entrada en vigor do dito EMC, o POS+2019 considerárase definitivamente aprobado.

O Plan elaborouse de acordo coas súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188, do 2 de outubro de 2018, sen que se presentara reclamación nin alegación ningunha.



No acorde de aprobación do POS+ 2019 inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostíbles solicitados polos concellos de acorde co previsto na Base 4.3. Estes investimentos aprobáronse con natureza de reserva, condicionados á existencia de financiamento procedente de baixas de licitación ou de maiores achegas da deputación.

Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno desta deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, sometida a unha condición que xa foi declarada cumprida. Dita cantidade distribuíuse entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, o que se lle comunicou a ese concello mediante a Circular de data 7 de marzo de 2019.

Non obstante, no posterior EMC 2/2019, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de abril de 2019, consignáronse 9.000.000,00€ máis, o que fai unha **maior achega provincial total par o POS+ 2019 de 39.000.000,00 €** que tamén se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios do POS+, o que permitirá elaborar o **POS+ ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial** logo da entrada en vigor do dito EMC 2/2019.

A **cantidade que definitivamente lle corresponde a ese concello** no POS+ ADICIONAL 1/2019 polo reparto da maior achega provincial por importe de 39.000.000,00 € é a seguinte:

CONCELL O	POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial (€)
Ares	223.726,37

INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostíbles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, xa aprobados condicionados á existencia de crédito para o seu financiamento, ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostíbles.

É de destacar que se o concello confirma investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, os prazos de xestión do Plan Adicional son curtos porque no seu momento xa presentou toda a documentación e os investimentos están aprobados coa condición da existencia de financiamento, polo que previsiblemente esta deputación poderá aprobalos de forma definitiva o antes posible.

Sen embargo, se o concello modifica a súa planificación inicial e inclúe novos investimentos, ou se solicita outros novos por non ser suficientes os previstos no Plan Complementario inicial, os prazos de xestión para os novos investimentos son máis longos, porque o Pleno do concello debe aprobar unha nova solicitude con outros investimentos, e a correspondente



documentación debe presentarse na deputación para a súa revisión e, de ser o caso, inclusión noutra fase do Plan Adicional que máis adiante debe aprobar o Pleno da deputación.

Por iso, o POS+ Adicional 1/2019 aprobarase en dous fases:

Na 1ª fase incluíranse unicamente investimentos financeiramente sostíbles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2019, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por ese concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 1/2019 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o 1º prazo de presentación de documentación é moi curto, **ata o 20 de maio de 2019.**

Na 2ª fase incluíranse os novos investimentos financeiramente sostíbles que o concello desexa financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o 2º prazo de presentación de documentación é máis longo, **ata o 13 de setembro de 2019.**

1º FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2019

CON INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2019 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, ata o 20 de maio de 2019 ás 15.00 horas, a seguinte documentación:

ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2019

Tendo en conta que o Pleno dese concello xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostíbles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, non será necesario que neste momento se aprove novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, senda suficiente para estes efectos a Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita aprobar definitivamente, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento. Empregarase o modelo que figura na plataforma SUBTEL.

PROXECTOS E DE MAIS DOCUMENTACIÓN Convocatoria POS+AD- OBRASSUM 2019



Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2019, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL, unicamente é necesario que o concello suba un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura na dita plataforma.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2019 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

2º FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2019

CON NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 1/2019 novos investimentos financeiramente sostibles deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, ata o 13 de setembro de 2019 ás 15.00 horas, a seguinte documentación:

ACORDO DE APROBACIÓN Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2019

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello solicitando a inclusión neste Plan Adicional dos novos investimentos, segundo o modelo que figura na plataforma Subte!. O acordo deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento

PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN Convocatoria POS+AD- OBRASSUM 2019

Dado que se trata de novos investimentos, o concello deberá subir á plataforma Subte! os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+ 2019 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subte!:

Proxecto técnico da obra ou prego da subministración

Anexo V: informe técnico sobre o investimento

Anexo VI: Informe técnico - xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos

Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible



Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento financeiramente sostible

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademáis os seguintes documentos:

Anexo IX: Certificación do acorde ou resolución relativo á non división en lotes

Anexo X: Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga

RESUMEN DE PRESUPUESTO

APARCAMIENTO EN REDES

CAPITUL	RESUMEN	EUROS	%
	DEMOLICIONES.	412,70	0,5
2	MOVIMIENTO DE	4.407,60	5,5
3	CIMENTACIONES -	12.962,20	16,
4	PAVIMENTOS.	54.902,76	66.
5	SEÑALIZACIÓN	1.676,70	2,0
6	JARDINERÍA.	2.016,46	2,5
7	GESTIÓN DE RESIDUOS.....	1.546,36	1,
8	SEGURIDAD Y	2.247,00	2,6
	SAU		^
	TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL	80.173,82	
	13,00% Gastos generales.....	10.422,60	
	6,00% Beneficio industrial.	4.810,43	
	SUMA DE G.G. y 8.1.	15.233,03	
	21,00% I.V.	20.035,44	
	TOTAL PRESUPUESTO CONTRATA	115.442,29	
	TOTAL PRESUPUESTO GENERAL	115.442,29	

Asciende el presupuesto general a la expresada cantidad de CIENTO QUINCE MIL CUATROCIENTOS CUARENTA Y DOS EUROS con VEINTINUEVE CÉNTIMOS

El promotor

La dirección facultativa

Nicolás Castelo Pérez - Arq. 2699

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos/as, manifesta que estamos ante un tema bastante debatido que é o que foi todo o proceso do convenio da casa reitoral, nós nun principio prestamos o noso desacordo a ese tipo de convenio que non beneficiaba ao concello, agora ademais coa nova lei o concello podería quedarse nunha circunstancia como esta como é un inmovible abandonado e polo tanto podería expropiar a custe cero e tendo a propiedade. Entón, nós estando en desacordo con ese convenio, estando de acordo que é unha obra que hai que rehabilitar e estando tamén de acordo en que o concello



podería quedarse tamén con ela a través doutro tipo de convenio, estamos tamén en desacordo cos usos que se lle van a dar. Primeiro non son uns usos concretos e de feito se incumpre a lei ao respecto dos convenios, porque ten que xustificalo economicamente e tamén xustificar o destino que se lle vai dar por iso incumpre a lei, e despois tamén nós entendemos que o que se vai facer aí é un apartamento que efectivamente é unha das cousas que precisa o concello de Ares pero que é un aparcamento que non está no PXOM incluíndo un PXOM que non ten a aprobación definitiva xa antes de ter a aprobación definitiva xa ten dúas emendas do propio goberno como o aparcamento de aquí é o de Redes, agora resulta que o aparcamento de Redes é fantástico e agora xa pois houbo marcha atrás entón nós dicimos que ese novo aparcamento que vai dar 69 prazas vano a enriquecer con 69 prazas de aparcamento pero a realidade é que Are vai ter 12 prazas de aparcamento menos que hai un ano porque, porque con esta obra vostedes fan 69 prazas de aparcamento pero para facelo vostedes teñen que eliminar 11 prazas de aparcamento que están en fronte do edificio de correos para facer un acceso e co da Xunta coa senda peonil que levaba consigo os problemas das bicicletas elimináronse unhas 70 prazas de aparcamento a escasos 100 m ou 200 m onde vai a ir este aparcamento polo tanto nós con todos estes datos imos a votar en contra.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que cree que o plan de urbanismo foi referendado inmensamente polo pobo de Ares nas eleccións do domingo, porque o plan de urbanismo veu aquí varias veces, o plan de urbanismo fíxose público, o plan de urbanismo coñecía todo Ares e todo Ares efectivamente elixiu ao goberno que ía referendando ese plan coa maioría absoluta entón, eu creo que o pobo de Ares dalgunha maneira se pronunciou sabendo o que fai este goberno porque entre outras cousas nós tratamos de explicalo entón, eu creo que ese ton non é procedente que damos marcha atrás, marcha adiante, vostede cree que imos dar marcha atrás co respaldo que tivemos o domingo, marcha atrás ten que dar vostede, marcha atrás terá que dar vostede non nós, e non quería falar disto porque paréceme unha bobada, pero xa que no pleno cuestións ou situacións que foron reflectidas fai cinco días e non de maneira transversal senón de maneira contundente pois paréceme que esta fora de lugar. Se vostede quere seguir mantendo na próxima lexislatura este tonito e esta relación con este grupo de goberno é a súa decisión, é a súa decisión se quere seguir na mesma senda é a súa decisión pero nós neste momento non imos dar marcha atrás a nada porque creo que fomos referendados de maneira indiscutible por todo o pobo, ata en Redes 228 votos máis que nunca, da outra vez tivemos 202, 228 máis votos que nunca en consecuencia, se tivera un mínimo de decoro podería dicir de vergoña pero loxicamente se segue neste ton haberá que dicir pouca vergoña, entón se tivera un pouco de decoro non cuestionaría nestes momentos absolutamente nada.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que este punto debería de ir a comisión pertinente que non foi para debátelo, eu sigo pensando o mesmo que estes proxectos teñen que ir a comisión pertinente e dicir, que nós creemos que hai prioridades máis importantes que este aparcadoiro como pode ser a rede de abastecemento de auga onde está obsoleta, cambiala, dende o noso punto de vista.



Remata a Sra. Martínez Martínez a súa intervención dando as grazas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o aparcamento da casa reitoral conseguiuuse, hai unha cesión e non está mal nesa zoa disfrutar dun espazo preto das casas onde a xente poida deixar o coche e desprazarse, eu dende o Mazote non vou a vir a aparcar aquí pero todas as vivendas e demais si, é un espazo que temos a maiores. En canto o do auga estamos traballando, xa renovamos moitísimas fases, pero moitísimas e efectivamente nos quedan algunhas pero xa estamos renovando o Porto, son tubarias de fibrocemento e eu sei que hai que meter grupos de presión e estamos niso pero a avaría das Pías a teñen que arreglar e aí vanse moitos quilos de presión, 8 quilos de presión cos que o auga chega de menos a Ares e aínda así intentamos facer obras e compensar, pero estamos encima e eu creo que Augas de Galicia estaba esperando a que acabaran as eleccións, non é o mesmo estar ou non estar, e agora falar cos Alcaldes elixidos, non vai a ir avanzando este tema con Jorge Suárez que agora non está, Augas de Galicia cando chamei dixeron que preferían esperar a que acabaran as eleccións con bo criterio, pero este é un tema que temos que solucionar.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención, dálle a palabra o voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que con respecto a intervención do voceiro do BNG do aparcamento, dicir que si é verdade que se ían a anular os aparcamento aí nas vivendas sociais, pero nos vai a deixar un área de circulación de entrada e saída o Regueiro, que por certo xa está negociado as dúas fincas e vanse a crear aí aproximadamente 200 aparcamentos, eu creo que é unha boa solución para Ares, esa negociación xa está feita co cal non son 69, hai que incluír os outros e eu creo que ese é un bo servizo que se lle vai a dar si se chega a executar a proposta e a negociación que se fixo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que enriba da Reitoral hai dúas fincas no Regueiro que permiten unha entrada e unha saída mellor entón o tema é ese, ampliando coas dúas fincas este sería o primeiro paso para un aparcamento nesta zona e ben, esta é a realidade.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG:

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas, e dicindo que a responsabilidade política do noso grupo e en concreto a miña persoal é facer unha política avanzada do que nós queremos entón, o feito de que vostede agora tivese moitísimo máis votos cunha maioría absoluta, dende este feito vostede ten que entender que non pode facer que nos deixemos de facer a política que nós creemos que necesita o pobo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, podes facer a mesma política pero noutro ton e doutra forma para empezar esta lexislatura doutra maneira, porque estamos moi artitos dígocho de corazón, teñamos outro tipo de relación, di o que teñas que dicir e punto e xa está, moi ben pois segue así.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo, non se preocupe vostede ten a maioría absoluta.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, que é o ton, nin maioría absoluta nin nada é o ton que parece mentira que sigas despois do vapuleo do domingo.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo, non recibin ningún vapuleo o domingo.



Responde o Sr. Alcalde dicindo, non que va, coas expectativas que había, agora somos tontos, pero cambia de ton e teremos unha relación cordial di o que tes que dicir

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que tontos non somos, centrémonos no pleno, nós non podemos defender o aparcadoiro de Redes non era o sitio que aquí no PXOM non era o sitio, porque non está pintado. Vostede di, é que a veciñanza referendounos o PXOM e eu non digo que non, pero eu pregunto no PXOM.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si que referendouno e referendou ampliando o aparcamento que hai, porque é o que vai no plan e sacamos maioría absoluta outra cousa é que poidamos facer outras cousas a maiores.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo, na campaña vostede sacou outro distinto o anterior.

Responde o Sr. Alcalde, preguntando si é incompatible co anterior, si modificou o plan.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non, nós o que dicimos é que por moita maioría absoluta que teña vostede, non imos a defender algo que é indefendible porque senón, sabes porque senón, porque nos gobernos de maioría absoluta de Feijoo non se lle ocorrería a Sánchez dicir que eu asumo que vostede sacou a maioría absoluta iso non pode ser, iso non ten sentido ningún. Nós entendemos que aquí que é unha zona verde debería ser unha zona verde antes que un aparcamento. Agora o concelleiro de NAL di que vai a haber un aparcamento enriba, todo iso non estaba previsto no PXOM e é o que eu me refiro con iso. Hai unha tendencia nas cidades que é situar os aparcadoiros máis ben disuasorios ou sexa, facelos non dentro do casco urbano e o casco urbano deixalo para o deleite de veciño/as como podería ser aí esa zona verde pero ben, non se preocupe que non estamos no primeiro pleno deste novo mandato senón estamos no penúltimo do mandato que vai rematar.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cando vai a Pontevedra deixa o coches seis quilómetros.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que Pontevedra ten premios internacionais.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que si, pero con aparcamentos disuasorios nas aforas.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que é outro modelo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en calquera caso agradezo que empezamos un novo percorrido, vai a ser distinto e temos a oportunidade polo menos de decirnos as cousas con certa naturalidade entón ben, eu agradeceríache de verdade que intentaras relaxar a situación porque eu comprometome a relaxala porque ao fin e ao cabo eu contesto o que ti me dis, entón en función do que ti dis eu contesto, sempre tes ti a iniciativa eu veño aquí a contestar ao que dis ti primeiro entón modelemos esa situación, o contido non me importa di o que teñas que dicir e oponte o que teñas que opoñerte pero modula o tono, haber si o conseguimos e facemos esto máis agradable.

Sometida a votación a **“Aprobación POS+Adicional 2ª Fas: Proxecto Aparcamento en antiga Rectoral”** o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE,



1 de NAL, 1 de SON DE ARES), e 6 en contra (3BNG, 3PP), acorda prestala súa aprobación.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

8.- MOCIÓNS-PROPOSTAS

Non hai.

O Sr. Alcalde pregunta antes de entrar en rogos e preguntas si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor